

Tras a firma do PREACORDO, CCOO continúa traballando por un redactado de convenio consistente



**CONVENIO DE CONSULTORÍAS
TRABALLANDO POR UN TEXTO CONSISTENTE**

Principales melloras:

- Clasificación profesional 5 areas.
- Regulación do teletraballo.
- Incremento das táboas salariais.
- Dietas e desplazamentos actuais.

tic@servicios.ccoo.es www.ccoo-servicios.es/tic/ www.ccoo.es/Afiliate



Tal e como comentamos no anterior comunicado, o pasado 4 de xaneiro, tras a firma do preacordo que sentaba as bases para o novo Convenio de Consultoría, quedaba chegar a consenso no redactado, antes da firma definitiva.

Desde **CCOO** continuamos traballando de forma activa en colaboración coa asesoría xurídica para a definición das diferentes cláusulas e asegurar así un texto consistente. Trátase dun proceso tedioso no que hai que poñer toda a atención para non deixar nada a interpretacións persoais, algo que conleva un tempo e que esperamos se prolóngue o menos posible. Doutra banda, hai avances importantes e a sensación xeral é positiva, o que nos leva a pensar que a firma do convenio poida non demorarse demasiado.

Vos lembramos o que se asinou no preacordo:



Retribucións:

Actualización das táboas vinculada ao SMI: Revisaranse as táboas en cada subida do SMI, **actualizando aquelas que queden por baixo**. Ademais, acórdase un diferencial mínimo de **80 euros** entre cada categoría tras a adecuación.

Que significa isto?

Isto supón que **ningunha categoría profesional** volva quedar por **baixo do SMI** xa que, no momento en que, como consecuencia de posibles subidas

futuras algunha quede por baixo, deberá ser actualizada automaticamente ao novo SMI, e non só iso, senón que a categoría inmediatamente superior debe estar **polo menos 80 euros por encima** desta tras a adecuación, de non ser así, terá que incrementarse ata alcanzar esta diferenza e o mesmo coa seguinte, e así sucesivamente, **evitando** con isto que os **niveis** máis baixos se véxan **“comprimidos”** e se igualen os salarios.

Esta vinculación ao SMI, xunto coa **desaparición do nivel E-III de todas as áreas**, vai supoñer xa para 2023 unha actualización de máis do **33%** en táboas, dos salarios mínimos do convenio. Ademais, acordouse que o **complemento persoal** para estas categorías **se reparta** entre o **salario base** e o **plus convenio**, eliminando así este concepto compensable e absorbible, o que **permitirá cobrar os trienios de antigüidade** (ao non poder absorbela) a todos os niveis que estaban por baixo do SMI.

Subidas salariais:

2022: Incremento medio nominal en táboas do **10,75%** (5,5% medio -que varía en función de cada Área e Nivel- respecto a as táboas que parten do SMI), con **efectos retroactivos** desde o **1 de xullo de 2022** para o abono de atrasos.

2023: Incremento salarial en táboas do **2,5%** con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro.

2024: Incremento salarial en táboas do **2%**.

Área de Programación: Salto automático ao nivel **E-I** aos **3 anos** de experiencia no **E-II**.

Quilometraxe: Actualización a **0,25€/km** (actualmente 0,17€), supón un incremento do 32%.

Para a área de Estudos de Mercado: actualización a **0,22€/km** desde o 1 de xaneiro de 2023 e a **0,23€/km** desde o 1 de xaneiro de 2024.

Dietas: Actualización a **55€** (actualmente 52,06€), incremento do 5,35%. Para Xefes de Zona, Inspector-Entrevistador e Entrevistador-Encuestador actualización a **38,55€**.

Clasificación profesional: **5 Áreas**, unha máis que agora. A actual Área 3 pasa a dividirse nunha área de Programación (queda como Área 3) e unha área de Consultoría (pasar a denominarse Área 4). Créase unha nova para o CAU. No texto de convenio concretarase un redactado dos grupos profesionais acordeás funcións que se realizan en cada área.

Teletraballo: Regulación garantindo unha **compensación mínima** de gastos de **17€/mes** (mellorable por acordo colectivo coa RLPT en cada empresa).

Desde **CCOO** aproveitamos para agradecer o apoio recibido, algo imprescindible para lograr melloras mediante a negociación colectiva e lembrarnos que estamos sempre dispoñibles para aquilo que necesitedes.

CCOO É O TEU SINDICATO AGORA MÁIS QUE NUNCA. [AFÍLIATE!](#)